



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Campos Bastos, Celso
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Castro Oliva, Manuel
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 De Oca Cancela, Guillermo
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Álvarez, Antón
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Fco.
 Garriga Domínguez, Ana
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 González Piñeiro, Luis
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Lago Teijeiro, Xan
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Nombela Castaño, Miguel A.
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Rabanal Carbajo, Pedro
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bermúdez, Ángel M.
 Suárez Creo, Juan
 Troncoso Durán, Dolores
 Varasa Paredes, Javier
 Vázquez López, Ezequiel M.

DESCULPAN ASISTENCIA:

Rivó López, Elena

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 24 de novembro de dous mil cinco, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e as 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñaría de Telecomunicación

O xoves, día 24 de novembro de 2005, ás horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 5 de outubro de 2005 e da extraordinaria do día 4 de novembro de 2005.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de diversas aplicacións e importes para incorporar remanente de libre disposición.
4. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.
5. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de permanencia.
6. Aprobación, se procede, do programa especial de promoción do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.
7. Concesión de ano sabático.
8. Solicitud de cambios de área.
9. Solicitud de transformación de PP2 a profesor contratado doutor interino.
10. Modificación puntual da Normativa para a libre elección.
11. Aprobación, se procede, do Máster en economía da saúde.
12. Toma de acordo ante a impugnación presentada polo Departamento de Dereito Público sobre o acordo da COAP relativo ao POD da Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais.
13. Proposta para cubrir vacantes na Comisión de Biblioteca.
14. Validación de xeracións de crédito.
15. Aprobación, se procede, da Normativa de uso dos recursos informáticos e redes da Universidade de Vigo.
16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración coa Universidade Politécnica de Madrid – Convenio marco de cooperación coa Universidade Nacional de Colombia – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade de 7 de novembro de Cartago (Túnez) – Convenio marco de colaboración coa

Universidade Rey Juan Carlos – Acuerdo de intercambio de estudantes coa Universidade de Wisconsin-Milwaukee – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Caxias do Sul (Brasil) – Convenio específico coa Universidade de Monastir (Túnez).

17. Resolución do recurso dealzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentada polo alumno da E.U. de Enxeñería técnica industrial Antonio Lage López, na materia Automatización industrial.
18. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas dos Consello de Goberno: Comisión de investigación (1estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI).
19. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 5 de outubro de 2005 e da extraordinaria do día 4 de novembro de 2005.

Apróbanse por asentimento.

Punto 2.- Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Para aqueles profesores que solicitaron os complementos autonómicos na convocatoria do 14 de xuño de 2005 xa chegou a proposta da ACSUG polo que xa se deron instrucións ao Consello Social para que, como é preceptivo, o resolva canto antes.
- En relación cos títulos de grao, a comisión de ensinanzas técnicas enviou un escrito ao ministerio no que solicitaba, para antes do final de 2005, poder dispor da lista completa de títulos a analizar o ano que ven e que se deran algunhas pautas concretas. A impresión é de que o MEC vai contestar antes de finais de ano e cre que será extensivo aos outros títulos. No próximo Consello de Goberno, que terá lugar o 16 de decembro, estará en condicións de proporcionar máis información sobre este tema.
- O vindeiro 2 de decembro haberá un claustro no que se debaterá a modificación da LOU. Hai un compromiso da Conferencia de reitores de desenvolver un proceso de diálogo e análise a través das súas comisións sectoriais sobre o borrador de reforma. O propósito da iniciativa é acadar un consenso amplo para transmitirla logo ao ministerio.
- No próximo Consello de Goberno traerase o nomeamento da Comisión de posgrao, para a que xa hai unha proposta de consenso.
- Sobre o edificio da Escola de maxisterio de Ourense (que a universidade xa non usa), hai tempo que se intenta facer unha permuta con algunha institución. Neste intre a Consellería de educación está interesada nese edificio porque o necesita e estase a punto de pechar unha oferta de aproximadamente dous millóns de euros.

- Dentro da descentralización administrativa da universidade vaise por en marcha unha Vicexerencia no campus de Ourense coa idea de que este modelo sirva o día de mañá para o campus de Pontevedra.
- Do nomeamento do profesor José Luis Míguez Tabarés como Director da Área de innovación e desenvolvemento.
- Da invitación a asistir con voz pero sen voto das seguintes persoas:

Punto 8: os Directores dos Departamento de Química Analítica e Alimentaria e de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía e os profesores M^a Luisa Rúa Rodríguez e Lorenzo Pastrana Castro.

Punto 9 o Director do Departamento de Didáctica e Organización Escolar e a profesora Carmen Ricoy Lorenzo.

Punto 12 ao Director do Departamento de Dereito Público.

O profesor Legido suxire que sería bo saber se a Consellería de educación ten previsto poñer algún grao en marcha para o ano 2006.

O reitor di que o preguntará á Conselleira pero parécelle difícil xa que as directrices xerais non estarán publicadas no BOE antes de xullo.

Punto 3.- Aprobación, se procede, de diversas aplicacións e importes para incorporar remanente de libre disposición.

Apróbase por asentimento. (Anexo I)

Punto 4.- Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.

Apróbase por asentimento. (Anexo II)

Punto 5.- Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de permanencia.

O vicerreitor de innovación e calidade reparte un novo documento sobre a modificación que xa contén algunhas melloras suxeridas na COAP en relación ao texto enviado na documentación. Expón que a proposta contén unha modificación puntual do artigo 5.2 e unha máis completa do artigo 6 que pretende mellorar o procedemento da avaliación curricular despois da experiencia destes anos, pero que a filosofía segue sendo a mesma.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Juan Suárez fai varias puntualizacións e suxestións a diferentes artigos:

En relación coa modificación puntual do artigo 5.2 a proposta da COAP parécelle moi xenerosa. Pregunta se no último parágrafo do artigo 6.1 que di "...o estudante deberá ter superados polo menos a metade dos créditos da titulación..." están incluídos os créditos de libre elección. No artigo 6.3 a decisión da Xunta de Centro no esgota a vía administrativa polo que quizais sería conveniente indicalo no pé da notificación. No artigo 6.5 non entende o parágrafo

“A non resolución en prazo será notificada á Secretaría Xeral”. No primeiro parágrafo dos procedementos, propón substituír a frase “...a partir do día seguinte da data na que a cualificación se faga definitiva...” pola de “...a partir do día seguinte da data oficial de entrega de actas dos exames”. Sobre a disposición transitoria entende o sentido pero cre que se lle dan uns poderes ilimitados ao Consello de Goberno.

O vicerreitor de innovación e calidade aclara que no referente ao artigo 6.1 si están incluídos os créditos de libre elección. No artigo 6.3 engadiuse ese parágrafo xa que o silencio administrativo non parecía o xeito máis adecuado, pero está aberto a outra redacción. Respecto ao procedemento non ten inconveniente en aceptar a redacción proposta polo profesor Suárez.

Ábrese un pequeno debate sobre a modificación do parágrafo do artigo 6.5 sinalado polo profesor Suárez, finalmente o vicerreitor de planificación propón a seguinte redacción: “A non resolución en prazo será notificada polo presidente da comisión de avaliación ao vicerreitor competente, quen o comunicará ao presidente da comisión de organización académica e profesorado para que eleve unha proposta ao Consello de Goberno.

Finalmente o reitor propón a aprobación do punto coas modificacións sinalada no artigo 6.5 e no procedemento.

Apróbase por asentimento a modificación da Normativa de permanencia para enviala ao Consello Social. (Anexo III)

Punto 6.- Aprobación, se procede, do programa especial de promoción do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa sobre o contido da proposta. O informe da COAP é favorable aínda que propón algunhas melloras de redacción no texto enviado como documentación. Sobre a comisión algún membro da COAP suxeriu engadir a cautela de que teña ao menos dous sexenios recoñecidos.

Remata sinalando que a proposta dos membros da comisión se traerá ao próximo Consello de Goberno.

O reitor cre que neste caso o de engadir a cautela dos dous sexenios non é necesario xa que non é unha comisión por sorteo senón que é o Consello de Goberno o que vai propoñer as persoas con recoñecida traxectoria académica que van formar parte da mesma. Propón deixalo como está.

Apróbase por asentimento o programa especial de promoción do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo. (Anexo IV)

Punto 7.- Concesión de ano sabático.

A vicerreitora de organización académica e profesorado somete a aprobación do Consello de Goberno dous aspectos:

En primeiro lugar a convocatoria da concesión de anos sabáticos para o curso 2006/07 que é similar á do ano pasado.

Apróbase por asentimento. (Anexo V)

En segundo lugar a COAP somete a consideración do Consello de Goberno a proposta de que cando un reitor remate o seu mandato poida disfrutar dun ano sabático.

Apróbase por asentimento.

Punto 8.- Solicitud de cambios de área.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da solicitude de cambio de área presentada polos profesores titulares de universidade Lorenzo Pastrana Castro e M^a Luisa Rúa Rodríguez da Área de Bioquímica e Bioloxía Molecular (060) á Área de Nutrición e Bromatoloxía (640). Ademais da xustificación dos motivos presentados por ambos solicitantes, na documentación figuran informes favorables presentados por 21 catedráticos de universidade da Área de Nutrición e Bromatoloxía así como un informe do decano da Facultade de Ciencias de Ourense avalando ditas solicitudes.

A vicerreitora expón que desde o punto de vista da docencia o cambio non afectaría de xeito importante xa que o cambio da área implicaría un cambio de encargo da docencia das materias que viñan impartindo ambos profesores xa que todas están adscritas á área de Nutrición e bromatoloxía agás unha troncal de 4,5 créditos.

Así mesmo sinala que solicitados os informes preceptivos a ambos departamentos, o Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía informa favorablemente as solicitudes mentres que o informe do Departamento de Química Analítica e Alimentaria é desfavorable ao considerar o escrito de alegacións presentado por dúas profesoras da Área de Nutrición e Bromatoloxía.

Finalmente indica que a proposta da COAP é emitir informe favorable para que se tramiten ambas solicitudes de cambio de área ao Consejo de coordinación universitaria.

Intervén o profesor Rodríguez Vázquez (Director do Departamento de Química Analítica e Alimentaria) para puntualizar que o acordo do Consello de Departamento foi por maioría. Sinala que o fondo da cuestión está recollido no escrito presentado polas dúas profesoras da área e o Consello de Departamento considerou que non había suficiente motivación para os cambios de área solicitados.

Apróbase a proposta da COAP coa abstención expresa do profesor Legido.

Punto 9.- Solicitud de transformación de PP2 a profesor contratado doutor interino.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que no mes de xullo enviou un escrito a todos os profesores PP2 no que se informa do contido da disposición transitoria primeira do Regulamento de profesorado, anunciándolles a posibilidade de solicitar a través do seu departamento a súa transformación a Profesor contratado doutor interino. Así

mesmo, no escrito indícase que os departamentos previa petición dos profesores contratados doutores interinos, poderán solicitar ao vicerreitorado de organización académica e profesorado que saia a praza a concurso.

A profesora Ricoy Lorenzo despois de recibir o escrito solicitou ao seu departamento incluír un punto na orde do día no que constara a súa solicitude de transformación e da saída da praza a concurso.

No mes de setembro foi convocado o Consello de Departamento e figuraba o solicitado pola profesora Ricoy na orde do día pero foi retirado a petición de dúas persoas por estar aínda no xulgado a praza PP1 obtida pola profesora Ricoy xa que fora recorrida no seu día. Durante este proceso, a profesora Ricoy pasou de PP1 a PP2.

En resumo, o que está en cuestión é se a profesora Ricoy pode acollerse á transitoria antes citada. O informe da asesoría xurídica di que non hai nada que impida a transformación e o informe da COAP é favorable (cunha abstención) á transformación e saída a concurso da praza.

Intervén en primeiro lugar o profesor Cid Sabucedo, director do Departamento de didáctica e organización escolar, di que o único que fixo foi retirar o punto da orde do día para solicitar información da asesoría xurídica e non obtivo resposta. Á vista do informe da asesoría xurídica solicitado pola vicerreitora de organización académica e profesorado e que figura na documentación, observa que contesta a catro das cuestións que eles formularon pero non se pronuncia sobre a quinta na que preguntaba se os membros do departamento podían incorrer en responsabilidade civil, ou no seu caso penal, ao transformar unha praza xa que existe un procedemento xudicial non rematado. Por todo o exposto considera que o departamento no obrou mal e en caso contrario que se lles diga.

Roga que, xa que este tema o vai resolver o Consello de Goberno e a solicitude ten dúas partes: transformación e saída a concurso, que se asuman as dúas cousas.

A vicerreitora de organización académica e profesorado precisa que o feito de que estes temas se tramiten a través do Consello de Departamento é unha cortesía académica pero non sería imprescindible porque é un dereito da persoa.

A profesora Ricoy Lorenzo reitera a súa solicitude de transformación e di que non houbo ningunha medida cautelar cando tomou posesión da praza de PP2.

A profesora Pita Grandal pide que se aclare cal é o papel dos departamentos, anuncia que se vai abster xa que hai unha execución incompleta da sentenza e no informe da asesoría xurídica non se contesta claramente á pregunta.

O reitor lembra o dereito de promoción dos profesores que cumpren os requisitos esixidos na transitoria primeira do Regulamento de profesorado. Neste caso hai unha persoa que quere exercer o seu dereito pero hai certas dificultades á hora de ser tramitada polo Consello de Departamento e por iso se trae a este Consello de Goberno.

Di que na páxina 7 do informe da asesoría xurídica figura a frase "...ao tratarse da apelación nun so efecto, carece a súa interposición de efectos suspensivos...", por iso entende que a universidade pode seguir procedendo con normalidade, en caso contrario tería que retirar o punto da orde do día. Considera que a votación dos membros do Consello de Goberno neste punto non ten nada que ver coa legalidade senón que o que se acepta ou non será o dereito da

persoa á súa transformación. O Consello de Goberno non intervéñ no proceso xurídico e non comete ningunha ilegalidade.

A profesora Pita Grandal di que o tema non é fácil e o asesor non contesta claramente pero ao non haber sentenza do segundo preito non se interrompe o proceso administrativo polo que cre que non se trata de responsabilidade senón de posición e anuncia que despois do debate o seu voto vai ser a favor da transformación.

O profesor Remesal intervéñ no mesmo sentido.

O profesor Cid Sabucedo fai un rogo ao reitor para que inste á asesoría xurídica a que lles conteste.

O reitor dáse por decatado do rogo e propón pasar a realizar a votación nos seguintes termos:

Votos a favor da proposta da COAP.....	32
Votos en contra da proposta da COAP	0
Abstencións.....	4

Apróbase a transformación da profesora M^a Carmen Ricoy Lorenzo de PP2 a profesor contratado doutor interino.

O profesor Ramos informa de que a súa abstención se basea no informe da asesoría de UGT (que figura na documentación) xa que é o seu sindicato e o acepta.

Punto 10.- Modificación puntual da Normativa para a libre elección

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que a modificación que se propón no artigo 37 é para unificar a equivalencia entre o número de horas dos diferentes cursos e o número de créditos da libre elección concedidos.

A proposta de modificación é a seguinte:

Artigo 37

Onde di:

“De xeito xeral e se o único criterio para valorar o aproveitamento é a asistencia, para autorización da validación por créditos de libre elección dos cursos, seminarios e actividades académicas ás que se fai referencia no Artigo 36 da presente normativa, requirirase que polo menos teñan unha duración de 30 horas lectivas. Salvo acordo en contra da C.O.A.V., cada 30 horas lectivas serán equivalentes a 1 crédito”.

Debe dicir:

“De xeito xeral e se o único criterio para valorar o aproveitamento é a asistencia, para autorización da validación por créditos de libre elección dos cursos, seminarios e actividades académicas ás que se fai referencia no Artigo 36 da presente normativa, salvo acordo en contra

da C.O.A.P., cada 20 horas lectivas serán equivalentes a 1 crédito e cada 30 horas lectivas serán equivalentes a 2 créditos”.

Apróbase por asentimento a modificación.

Punto 11.- Aprobación, se procede, do Máster en economía da saúde.

Apróbase por asentimento.

Punto 12.- Toma de acordo ante a impugnación presentada polo Departamento de Dereito Público sobre o acordo da COAP relativo ao POD da Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais

A vicerreitora de organización académica e profesorado fai un resumo sobre o acordo da COAP (en contra do acordo do Consello de Departamento) de aprobar a saída a concurso dunha praza de profesor axudante doutor na Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais para o campus de Vigo e que leva asociado a non renovación do contrato da profesora 1480 como asociada.

Intervén o profesor Hernández Corchete, director do Departamento de Dereito Público, para destacar que o fundamental é que o Consello de Departamento entendeu que cumprira todas as normas para a elaboración do POD, e que é o propio Consello o que debe interpretar as necesidades concretas sobre as categorías do profesorado que lle convén ao mesmo. Considera que é unha cuestión de legalidade e o departamento votou en catro ocasións que na actualidade prefire que non sexa convocada unha praza de profesor axudante doutor

O reitor di que hai dúas cuestións: a política académica da institución e o que lles compete aos departamentos. En moi poucas ocasións hai desacordos entre ambas. Desde o Consello de Goberno sempre se tratou de abrir portas para aqueles profesores que se cualifican e se nalgún caso se observa unha situación de conflito entre o Consello de Departamento e a posibilidade de promoción dun profesor cualificado, o Consello de Goberno prima a promoción. Isto non é por cuestión de legalidade ou de que o departamento fixera mal as cousas, senón que entra dentro da política académica da institución.

O profesor Legido opina que debería haber unha política académica cunhas directrices xerais para non traer a este consello casos puntuais, xa que deste xeito podemos entrar nunha problemática un pouco complicada.

O reitor indica que a súa intervención anterior foi para sinalar que hai unha política moi clara deste equipo reitoral de favorecer a promoción dos profesores que fan un esforzo e se cualifican. Neste caso hai unha cuestión puntual porque o departamento ten a posibilidade de sacar prazas consolidables pero non fai ningunha proposta, e se na área hai persoas en condicións de promocionar, a política é darlle a oportunidade a todos.

O profesor Rabanal intervén para xustificar a súa posición á hora de votar que vai ser de abstención ou en contra da proposta da COAP. Entende que en xeral a política do equipo é seguir a decisión do Consello de Departamento pero neste caso está por enriba o facilitar a promoción a

persoas que teñen posibilidades; non obstante opta por absterse ou votar en contra porque considera que a norma xeral debe ser seguir o acordo do Consello de Departamento.

A profesora Ana Pita respecta as decisións dos departamentos e as defende, pero estas deben ser motivadas e xustificadas. Considera que é misión do departamento velar pola situación da área en cuestión e aplaude a decisión da COAP aínda que lle gustaría que se tivese a mesma valentía cando se propuxo a saída dunha Cátedra de Universidade na devandita área, xa que non existe na mesma ningunha praza de Titular de Universidade ou de Catedrático de Universidade, situación que non se da en ningunha das outras áreas de Dereito.

O profesor Hernández Corchete está de acordo co profesor Legido en que a política de profesorado debería traducirse en normas xerais que establezan estas cuestións concretas.

O profesor Durany como membro da COAP sabe que esta comisión ten delegada a competencia da saída a concurso das prazas de profesorado. Di que hai xente que quere reservar prazas para o futuro, pero o que lle parece que non é de recibo é que a política dunha área a marquen tres profesores asociados que están dedicados fundamentalmente ao seu traballo fóra da universidade.

Despois das intervencións dos profesores Remesal, Ana Pita e Campos o reitor da por rematado o debate e procédese a realizar a votación:

Votos a favor de desestimar a impugnación	27
Votos en contra de desestimar a impugnación	1
Abstencións.....	4

Queda desestimada a impugnación presentada polo Departamento de Dereito Público sobre o acordo da COAP relativo ao POD da Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais.

Punto 13.- Proposta para cubrir vacantes na Comisión de Biblioteca.

En ausencia do vicerreitor de investigación a secretaria xeral informa da proposta de cubrir as seguintes vacantes:

Sector PDI	Don Alexandre Rodríguez Guerra
Sector PAS	Dona Ana Dios Parada.

Acéptase a proposta por asentimento.

Punto 14.- Validación de xeracións de crédito.

O Consello de Goberno dáse por enterado da relación de xeracións de crédito. (Anexo VI)

Punto 15.- Aprobación, se procede, da Normativa de uso dos recursos informáticos e redes da Universidade de Vigo

O vicerreitor de innovación e calidade informa da necesidade de dispor dunha normativa deste tipo e sinala que a proposta presentada está baseada nun documento xenérico que está elaborado pola rede IRIS.

Despois das intervencións de varios membros do Consello de Goberno sobre a proposta presentada, o reitor considera que esta normativa é un bo punto de partida pero que hai membros do consello que poden colaborar en melloralala polo que propón que o vicerreitor xunto coa señora Hilda Iglesias, os profesores Ana Garriga, Pedro Membiela e Juan Francisco Gálvez ou Celso Campos, traballen en conxunto na elaboración dunha proposta que contente máis e que sirva mellor para os fins que se pretenden. Esta proposta traerase a un próximo Consello de Goberno.

Punto 16.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración coa Universidade Politécnica de Madrid – Convenio marco de cooperación coa Universidade Nacional de Colombia – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade de 7 de novembro de Cartago (Túnez) – Convenio marco de colaboración coa Universidade Rey Juan Carlos – Acuerdo de intercambio de estudantes coa Universidade de Wisconsin-Milwaukee – Convenios marco e específico de colaboración coa Universidade Caxias do Sul (Brasil) – Convenio específico coa Universidade de Monastir (Túnez).

Apróbanse por asentimento.

Punto 17.- Resolución do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentada polo alumno da E.U. de Enxeñaría técnica industrial Antonio Lage López, na materia Automatización industrial.

O vicerreitor de innovación e calidade informa de que unha vez aplicados os criterios aprobados pola COAP á solicitude presentada polo alumno D. Antonio Lage López, o informe é favorable.

Apróbase por asentimento a estimación do recurso presentado polo alumno da E.U. de enxeñaría técnica industrial D. Antonio Lage López, contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular na materia Automatización industrial.

Punto 18.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas dos Consello de Goberno: Comisión de investigación (1estudante), Comisión de planificación e asuntos económicos (2 estudantes), Comisión de extensión universitaria e estudantes (1 PDI).

Non hai candidaturas presentadas.

Punto 19.- Rogos e preguntas.

O profesor Barreiro di que ultimamente ven observando que a xestión de FEUGA non é tan eficiente como antes, roga que conste en acta esta apreciación e que se comprobe se é xeneralizada na universidade.

O reitor informa de que FEUGA leva cinco meses sen director xeral, propón esperar un pouco a ver se se arranxa a situación, no caso contrario elevarase unha protesta.

A profesora Carballo-Calero quere manifestar a súa ledicia polo aprobación do punto 6.

A señora Iglesias incide en que temos que ser rigorosos con todas as normativas e non soamente cos temas informáticos.

O profesor Cid suscita que se para a posta en marcha da biblioteca central de Ourense se vai recorrer ao PAS dos centros, gustaríalle saber cales van ser os criterios que se utilicen e roga que sexan transparentes.

O xerente di que unha vez exposta a necesidade ao comité de empresa eles mesmos suxeriron, en función dos criterios e ratios aprobados en relación ao número de alumnos, que había unha excedencia de PAS no campus norte polo que se fixo unha proposta de distribución pero falando previamente cos implicados por se hai voluntarios para o traslado, en caso contrario, aplicaríase o criterio de antigüidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 horas do día 24 de novembro de 2005 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe